

(Inicialmente publicado na revista Andoriña)

## A DIVERSIDADE NA ORIENTACIÓN SEXUAL

Unha pequena nota previa: sexo e xénero son dous conceptos distintos que con certa frecuencia se confunden como iguais. De xeito rápido, decir que o sexo está máis ligado ao puramente fisiolóxico, e reconécese como unha característica biolóxica. O xénero, en cambio, ten unha significación cultural referida aos roles, ás características emocionais, afectivas, comportamentos... socialmente asignados como propios e naturais de homes e mulleres. Que nos dous artigos deste ano faga referencia á transexualidade por un lado e a orientación sexual polo outro é únicamente por cosideralas dous aspectos da diversidade que merecen ser comentados, e non que un teña nada que ver co outro. Aclarado queda.

\* \* \*

Outro aspecto no que se plasma a diversidade humana é a orientación sexual. A orientación sexual refírese ao patrón de atracción sexual, erótica, emocional, amorosa hacia determinado grupo de persoas. Á hora de elexir parella sentimental cadaquén ten a súa inclinación. De novo, hai opcións cuantitativamente máis maioritarias (heterosexualidade). Outras, menos visibles, teñen que lidiar coa aceptación social e coa súa invisibilidade. Non só está a homosexualidade (dun ou outro signo), senón a bisexualidade, agora fálase tamén da asexualidade...

Nalgunhas culturas ancestrais (non en todas) a homosexualidade ten un status especial, pode estar aceptada sen dificultades e mesmo ter un matiz positivo. Nas culturas occidentais esta aceptación da diversidade sexual non é tan clara. Non hai tanto tempo (anos 70 do século XX) a homosexualidade constaba nos manuais de psicopatoloxía como unha desviación, unha aberración, unha patoloxía sexual que debía ser *curada*. Na profesión bromeamos coa remisión espontánea masiva que significou eliminar esta categoría dos manuais diagnósticos. Algo nos movemos, pero quizais non tanto; de cando en vez aínda aparece algún *figura* que ofrece tratamentos para curar a homosexualidade: polo menos esto agora é ilegal. Logo están todas esas novas nas que, unha e outra vez, un/unha gay é atacado, insultado, golpeado... e aqueloutras que anuncian a todo bombo cando alguén *sae do armario*. No caso da bisexualidade pode ser aínda peor, ás veces son rexeitados ata polos propios *gays*... Estes e outros feitos rematan por formar un halo ao redor da diversidade que non facilita poder vivir a sexualidade de forma libre e plena.

## UNHA SITUACIÓN DIFÍCIL

No peor dos casos ser gay é directamente un delito (noutros países, por sorte non neste); no mellor, hai sorte e un/unha conta coa aceptación e apoio da familia e o entorno inmediato: polo menos, non ten que andar agochado. Na maioría, vese obrigado a lidiar con diversas “incomodidades”. De novo, é preciso un plus de valor para seguir adiante. Ao redor poden chegar mensaxes que produzan vergoña, o sentimento de algo inadecuado, que se aparta da norma establecida, que te relega a un gueto onde atoparte cos da túa *calaña*... Hai unha boa recua de mitos (xa se sabe cómo son os *homos*), é frecuente un tratamento peiorativo, a condescendencia...

Para pensar nos posibles efectos negativos convídevos, de novo como no artigo do número anterior, a pensar neste tema desde a perspectiva da identidade persoal. A homosexualidade, a bisexualidade, a heterosexualidade, non é algo que un **fai**, ou que un **ten**, senón que un **é**. Sendo un aspecto definitorio da nosa identidade, ten unha importancia vital para poder reafirmarnos como persoas, e é poderoso o efecto que ten sobre nós a imaxe que nos devolve o noso entorno significativo (espelliño, espelliño, qué ves cando me miras?)

## O PAPEL DO ENTORNO

Igual ca todos/todas temos distintas posturas respecto a calquera tema, cada persoa *sexualmente diversa* tamén levará de xeito diverso a súa condición. Seguro que a algúns non lles importa a opinión dos demais, outros estarán ben orgullosos de ser o que son... e outros terán dificultades para aceptarse a si mesmos. O xuíz Marlaska contaba cómo a súa nai se meteu na cama *co disgusto* de saber que el era homosexual. Cómo pode encaixar unha persoa esta reacción da súa propia nai? Cómo pode un aceptarse a si mesmo se a propia nai ou pai non o acepta? Cómo *saír do armario* cando na túa casa atopas un pai indignado porque eres un vicioso?

Todo o dito cando falabamos da transexualidade é válido para as diversas orientacións sexuais, e non porque teña que ver unha cousa coa outra, senón porque **todos** necesitamos a aceptación dos demais; non necesariamente de todo o que facemos, pero si do que **somos**. Imaxinades a unha persoa sendo rexeitada porque é heterosexual? Imaxinades a un home rexeitado porque lle gustan as mulleres, ou unha muller porque lle gustan os homes? Pois agora pensade o mesmo porque vos gustan tanto os homes como as mulleres, ou nin uns nin outros. Ou porque eres loiro (xa se sabe que os loiros...), ou galego (ai, os galegos, esa xentalla...). De novo, as distintas características que nos definen non teñen todas a mesma importancia, nin para as mesmas persoas (igual me importa un pimento se me rexeitan por galego, e para ti é vital); pero a orientación sexual, para ben ou para mal, en xeral ten un valor crítico en canto que implica unha mancha de comportamentos, interaccións, actitudes...

Como entorno social menos inmediato, como opinión pública, igual o único que temos que facer (que non é pouco) é, sinxelamente, deixar en paz a cadaquén cos seus gustos, que non sexa motivo de discriminación nin de rexeitamento. Se o noso compañeiro de traballo é gay, alá el: traballa ben? É un bo compañeiro? Pois da súa intimidade el saberá, non é cousa nosa.

## A DIVERSIDADE SEXUAL NA ESCOLA

E na escola? Anque nalgunha persoa se poidan observar certos detalles xa sendo neno/a, acada máis notoriedade cara a adolescencia. Respecto de si mesmos, adoitan recoñecer a súa orientación desde cedo. Algúns din haberse sentido atraídos (tanto os homos como os heteros) xa na infancia; hai quen o comunica ao entorno e quen cala; no caso dos homos ás veces din que se sentían diferentes pero non sabían ben porqué.

A toma de conciencia e a aceptación da orientación sexual pode levar un tempo. Na exploración da mesma ás veces teñen lugar experiencias homosexuais ou heterosexuais que non necesariamente indican a verdadeira orientación (un homo pode explorar a heterosexualidade, e viceversa). Os estereotipos sobre cómo se supón que debe comportarse un home ou unha muller tampouco son fiables para establecer a propia condición: pode haber un home claramente hetero con actitudes cuxo valor é supostamente máis feminino.

É fundamental que o entorno acepte e transmita unha mensaxe de aceptación. A escola ten un papel importante neste sentido. É un contexto presente na vida dos rapaces/as, onde teñen lugar un bo número de interaccións sociais; hai amizades e parellas que xorden aquí. De novo, se a mensaxe que lle devolve o entorno é “hai algo estrano, anormal, rexeitable... en ti” vanse facilitar as dúbidas e a vergoña sobre a propia orientación sexual, chegando á autonegación e o ocultamento.

O papel do profesorado é, en primeiro lugar por suposto respectar, aceptar, apoiar e acompañar ao alumnado no descubrimento de si mesmo. Pero tamén observar que non se den condutas de rexeitamento e discriminación por parte do alumnado. Debemos ter en conta que a adolescencia é un momento no que se están “probando” diversas definicións dun mesmo, da propia identidade (non só da sexual). Curiosamente, as veces que tiver a oportunidade de observar estas situacións, nalgunhas idades os rapaces/as se “vacilan” uns a outros por calquera motivo. Pero cando “saben” que un compañeiro/a é “diferente” sexualmente falando, pódense meter con el por calquera motivo menos por éste: o respecto é unha constante.

Como sociedade queda moito por facer ata implantar un tratamento natural da diversidade sexual. Non se trata de defender unha discriminación positiva de quen teña gustos menos habituais. Sinxelamente, tratar a esa persoa como o que é, unha persoa. Na escola, como ámbito natural para todo o alumnado, é preciso seguir colaborando co noso gran de area para que cadaquén poida mostrar a súa identidade sen medo a ser sinalado co dedo, e desenvolverse íntegramente como unha persoa, coas súas características únicas, valiosas e irrepetibles. Vivindo e deixando vivir en paz.